

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020261	Terra de Turonio	Gondomar	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1339	Manobras con cordas	2023/2024	8	214	256

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ALBERTO RODRÍGUEZ SALAS,JAVIER VEIGA ASOREY
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo MANOBRAS CON CORDAS pertencente ao Ciclo MEDIO DE GUÍA NO MEDIO NATURAL E DE TEMPO LIBRE tomando como referencia ó Real Decreto 402/2020 publicado no BOE o 27 de febreiro do 2020, correspondente o título de Técnico/a de guía no medio natural e de tempo libre, da Familia Profesional ACTIVIDADES FÍSICAS Y DEPORTIVAS, cunha duración de 2.000 horas.

Todos os contidos e actividades de ensinanza- aprendizaxe especificados en dita programación, van encamiñados a que o alumnado, futuros/as técnicos/as en GUÍA NO MEDIO NATURAL E DE TEMPO LIBRE, obteñan a cualificación profesional para organizar itinerarios e guiar grupos por contornas naturais de baixa e media montaña, terreo nevado tipo nórdico, cavidades de baixa dificultade, barrancos de baixo risco, medio acuático e instalacións de lecer e aventura, progresando a pé, con cordas, en bicicleta, en embarcacións e a cabalo, así como dinamizar actividades de tempo libre, adaptando todo iso aos participantes, respectando o medio ambiente e garantindo a calidade e a seguridade.

### AMBITO DE TRABALLO:

Ámbito das actividades deportivo-recreativas na natureza e turismo activo, deportivo ou de aventura e en instalacións de lecer e aventura, así como en actividades socioeducativas de tempo libre, nas áreas de organización, desenvolvemento, dinamización, seguimento e avaliación das devanditas actividades e nas de prevención, vixilancia e rescate en espazos acuáticos naturais. Tamén poden exercer a súa actividade en unidades de intervención acuática e equipos de rescate e socorrismo.

A actividade profesional realízase tanto de forma autónoma como contratada, no ámbito público, xa sexa administración xeral, autonómica ou local, e no ámbito privado, en grandes, medianas e pequenas empresas de servizos vinculadas aos sectores produtivos do deporte, turismo e lecer e tempo libre educativo infantil e xuvenil.

### PERFIL PROFESIONAL:

Deseñador de itinerarios terrestres ata media montaña, deseñador de itinerarios ecuestres ata media montaña, deseñador de itinerarios en bicicleta por terreos de ata media montaña, deseñador de itinerarios polo medio acuático en embarcacións de recreo exentas de despacho, deseñador e organizador de actividades físico-deportivas recreativas guiadas polo medio natural, encargado de prevención e seguridade en roteiros e eventos en bicicleta, encargado de prevención e seguridade en roteiros e eventos ecuestres, guía en actividades de sendeirismo, montañismo por baixa e media montaña, travesía por baixa e media montaña, e roteiros nevados tipo nórdico con raquetas. Guía de barrancos de baixa dificultade. Guía de espeleología de dificultade baixa. Guía de itinerarios en bicicleta de montaña. Guía de itinerarios de cicloturismo. Guía de itinerarios dacabalo. Guía de itinerarios polo medio acuático en embarcacións de recreo exentas de despacho, monitor de tempo libre educativo infantil e xuvenil. Monitor de campamentos, de albergues de mocidade, de casas de colonias, de granxas-escolas, e de aulas e escolas de natureza. Monitor de actividades no marco escolar. Monitor de instalacións de lecer e aventura. Socorrista en praias marítimas. Socorrista en lagos e encoros. Socorrista de apoio en unidades de intervención acuática. Socorrista en actividades acuáticas na contorna natural. Socorrista en actividades náutico-deportivas. Socorrista en praias fluviais.

### RESULTADOS DE APRENDIZAXE (RA):

RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para as manobras con cordas e para as actividades de multiaventura, seguindo os procedementos para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes

RA3 - Aplica técnicas de condución de grupos por barrancos, desniveis e covas, e adáptaa ás características das persoas participantes e do medio, para avanzar eficazmente en condicións de seguridade

RA4 - Supervisa e dirixe a realización das actividades en instalacións de lecer e aventura, aplicando protocolos de prevención e control de riscos

- RA5 - Dirixe o grupo de persoas participantes en situacións simuladas de incidencias ou emerxencia e coordina os recursos e as medidas de seguridade, aplicando técnicas de rescate e evacuación
- RA6 - Prepara os equipamentos e os recursos para as manobras con cordas e para as actividades de multiaventura, seguindo os procedementos para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes
- RA7 - Valora a viabilidade da aplicación das medidas de control de riscos nas actividades de espeleoloxía, de descenso de barrancos, de escalada ou de multiaventura, analizando os datos do contexto
- RA8 - Aplica técnicas de condución de grupos por barrancos, desniveis e covas, e adaptaas ás características das persoas participantes e do medio, para avanzar eficazmente en condicións de seguridade
- RA9 - Supervisa e dirixe a realización das actividades en instalacións de lecer e aventura, aplicando protocolos de prevención e control de riscos.
- RA10- Dirixe o grupo de persoas participantes en situacións simuladas de incidencias ou emerxencia e coordina os recursos e as medidas de seguridade, aplicando técnicas de rescate e evacuación.
- RA11 - Avalía as actividades guiadas por barrancos, cavidades e en instalacións de lecer e aventura, analizando os datos dispoñibles.
- RA12 - Prepara os equipamentos e os recursos para as manobras con cordas e para as actividades de multiaventura, seguindo os procedementos para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes.
- RA13 - Valora a viabilidade da aplicación das medidas de control de riscos nas actividades de espeleoloxía, de descenso de barrancos, de escalada ou de multiaventura, analizando os datos do contexto.
- RA14 - Aplica técnicas de condución de grupos por barrancos, desniveis e covas, e adaptaas ás características das persoas participantes e do medio, para avanzar eficazmente en condicións de seguridade.
- RA15 - Supervisa e dirixe a realización das actividades en instalacións de lecer e aventura, aplicando protocolos de prevención e control de riscos.
- RA16- Dirixe o grupo de persoas participantes en situacións simuladas de incidencias ou emerxencia e coordina os recursos e as medidas de seguridade, aplicando técnicas de rescate e evacuación.
- RA17 - Avalía as actividades guiadas por barrancos, cavidades e en instalacións de lecer e aventura, analizando os datos dispoñibles.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	INTRODUCCIÓN E INICIACIÓN ÁS MANOBRAS CON CORDAS	Introducción ó mundo das actividades de cordas e iniciación en manobras básicas	88	25
2	PROGRESIÓN BÁSICA VERTICAL E HORIZONTAL E PERFECCIONAMENTO	Manobras de progresión vertical e horizontal e técnicas.	88	40
3	PROGRESIÓN AVANZADA, GUIADO E TÉCNICAS DE SEGURIDADE	Manobras de progresión en zonas e niveis avanzados, guiado de grupo e técnicas de seguridade.	80	35

### 4. Por cada unidade didáctica

#### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	INTRODUCCIÓN E INICIACIÓN ÁS MANOBRAS CON CORDAS	88

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para as manobras con cordas e para as actividades de multiaventura, seguindo os procedementos para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	NO
RA3 - Aplica técnicas de condución de grupos por barrancos, desniveis e covas, e adaptaas ás características das persoas participantes e do medio, para avanzar eficazmente en condicións de seguridade	NO
RA4 - Supervisa e dirixe a realización das actividades en instalacións de lecer e aventura, aplicando protocolos de prevención e control de riscos	NO
RA5 - Dirixe o grupo de persoas participantes en situacións simuladas de incidencias ou emerxencia e coordina os recursos e as medidas de seguridade, aplicando técnicas de rescate e evacuación	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Seguiuse o protocolo de verificación da documentación, dos permisos e dos recursos para a realización de actividades en instalacións de lecer e aventura, de escalada, de espeleoloxía e de barrancos
CA1.2 Seguíronse os procedementos de mantemento, transporte e almacenamento do material, do equipamento deportivo e de seguridade para as manobras con cordas e para as instalacións de lecer e aventura
CA1.5 Descríbense as características, o funcionamento e o mantemento operativo dos aparellos de comunicación e de orientación propios de escalada, de barrancos, de espeleoloxía e demais actividades de multiaventura
CA3.3 Explicáronse e demostráronse as técnicas de utilización e manexo de cordas en actividades de escalada, de barrancos, de espeleoloxía e de vías ferratas
CA3.4 Explicáronse e demostráronse os protocolos de seguridade na disposición e na colocación de aparellos, conectores e cabos de ancoraxe, así como na progresión por cordas, tobogáns e saltos a pozas
CA4.5 Definíronse e demostráronse as técnicas de utilización e manexo de cordas nas instalacións e nas actividades de lecer e aventura
CA4.6 Explicáronse as técnicas de progresión para os sucesivos niveis dos circuitos verticais, horizontais e aéreos das instalacións de lecer e aventura
CA5.8 Montouse unha tirolesa

**4.1.e) Contidos**

Contidos
0Técnicas básicas de manexo do material.
Material mecánico. Reunións, equipamento de instalación, ancoraxes auxiliares, mosquetóns, descensores, bloqueadores, aseguroadores, ascensores, poleas, cintas express, puños e cascos. Características e funcionamento. Mantemento. Homologacións.

Contidos
<p>Características do equipamento e do material. Equipamento persoal e colectivo, en función da actividade, a época do ano, o lugar e o grupo. Loxística de actividade.</p> <p>Normativa actual sobre homologación e caducidade do material.</p> <p>Técnicas de reparación, control, mantemento, organización e almacenaxe do material. Fichas de mantemento. Deterioración e usos.</p> <p>Transporte do material. Loxística.</p> <p>0 Construción de tirolesas: usos. Desniveis. Zonas, ancoraxes e material necesarios.</p> <p>Ancoraxes en multiaventura. Material e usos. Seguridade en altura. Liñas de vida.</p> <p>Escalada: tipos; vías. Tipos de rocha. Rocódromo.</p> <p>0 Nós máis utilizados. Nós de amarre, de arrastre, bloqueantes, de descenso, de unión e autobloqueantes. Nós específicos para cada actividade.</p> <p>Rápel. En simple ou en dobre. Con descensores mecánicos e manuais, con dinámico, autoasegurado e desembragable. Bloqueos. Técnicas de ascenso.</p> <p>Tirolesas, pontes monas e tibetanas. Tensado de cordas. Polipastos, poleas e tensores. Sistemas de freada. Tirolesas guiadas.</p> <p>Técnicas xerais de progresión en montaña.</p> <p>Técnicas de agarre e apoios.</p> <p>Técnicas de fortuna.</p> <p>Técnicas de utilización de manexo de cordas.</p> <p>Técnicas de aproximación e evacuación en caso de accidente. Simulación de rescate en distintas situacións e lugares.</p> <p>0 Técnicas básicas de autosocorro. Autorrescate en progresión vertical sobre corda.</p> <p>Instalación de cordas para progresión ante unha evacuación.</p>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	PROGRESIÓN BÁSICA VERTICAL E HORIZONTAL E PERFECCIONAMENTO	88

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para as manobras con cordas e para as actividades de multiaventura, seguindo os procedementos para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	NO
RA2 - Valora a viabilidade da aplicación das medidas de control de riscos nas actividades de espeleoloxía, de descenso de barrancos, de escalada ou de multiaventura, analizando os datos do contexto	NO
RA3 - Aplica técnicas de condución de grupos por barrancos, desniveis e covas, e adaptaas ás características das persoas participantes e do medio, para avanzar eficazmente en condicións de seguridade	NO
RA4 - Supervisa e dirixe a realización das actividades en instalacións de lecer e aventura, aplicando protocolos de prevención e control de riscos	NO
RA5 - Dirixe o grupo de persoas participantes en situacións simuladas de incidencias ou emerxencia e coordina os recursos e as medidas de seguridade, aplicando técnicas de rescate e evacuación	NO
RA6 - Avalía as actividades guiadas por barrancos, cavidades e en instalacións de lecer e aventura, analizando os datos dispoñibles	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.3 Revisáronse o avituallamento e os materiais deportivos individuais e colectivos necesarios nas actividades de escalada, de barrancos, de espeleoloxía e de vías ferratas
CA1.4 Seguiuse o protocolo para a colocación e a comprobación do estado dos elementos específicos de seguridade e de prevención de riscos nas instalacións de lecer e aventura relativos á súa área de responsabilidade
CA2.3 Identificouse e describiuse a dinámica do fluído nos fenómenos do medio fluvial que afectan os descensos de barrancos
CA2.4 Descríronse as técnicas preventivas e operativas aplicadas a cada fenómeno do medio fluvial
CA2.5 Identificáronse nun plano da cavidade as posibles vías de escape, en relación coa tipoloxía das continxencias que se poidan dar
CA2.6 Defíníuse o método de sinalización para progresar con seguridade nunha zona labiríntica e en caos de bloques, en función da dispoñibilidade de material de sinalización
CA2.7 Determináronse as posibilidades destablecer un itinerario alternativo seguindo criterios de seguridade
CA3.1 Seguiuse o protocolo de equipamento e desequipamento en cavidades
CA3.2 Sinalizáronse en zonas visibles os puntos conflitivos ou perigosos como labirintos, caos de bloques, sifóns, cortados ou pasos estreitos, para garantir a orientación e a seguridade do percorrido
CA4.3 Explicáronse as normas de seguridade e de uso das instalacións

Criterios de avaliación
CA4.4 Seguiuise o protocolo de colocación dos equipamentos de seguridade das persoas usuarias dunha instalación de lecer e aventura
CA5.3 Simuláronse as posibles adaptacións ao medio en caso de fenómenos atmosféricos perigosos
CA5.5 Instaláronse as cordas de progresión
CA5.6 Concretáronse as habilidades necesarias para arranxar incidencias durante o transcurso dun descenso por corda
CA6.1 Recolléronse datos sobre a actuación do/da guía e as reaccións do grupo na actividade
CA6.2 Rexistráronse as incidencias relativas á actividade, á seguridade e aos tempos previstos
CA6.3 Valorouse a adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados na actividade
CA6.4 Cubriuse a ficha de valoración da actividade segundo o programa desta

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Análise da oferta de recursos ou actividades turísticas e de lecer relacionadas, da nosa comunidade ou área de traballo.</p> <p>Aplicación de protocolo para a colocación e a comprobación do estado de todos os elementos específicos de seguridade e de prevención de riscos.</p> <p>Material téxtil: arneses, cabos de ancoraxe, cintas, mochilas, pés de gato, botas de barrancos, luvas, aros, pedais, daisy chains, cordas, cintas e cordinos. Sistemas de protección: colchóns, disipadores, chalecos e neoprenos. Características e funcionamento. Mantemento. Homologacións.</p> <p>Normativa de aplicación nas actividades de multiaventura. Permisos relacionados coas cuncas hidrográficas. Permisos de organismos oficiais competentes. Modelos de autorizacións e permisos.</p> <p>Material e avituallamento individual e colectivo.</p> <p>Transmisión de normas e procedementos que se deben seguir.</p> <p>Augas vivas. Hidrografía: contras, aspiracións, remuíños, cogomelos, sífons, correntes circulares verticais e batedura contra as rochas.</p> <p>Coñecementos básicos dun barranco. Estimación de caudais. Meteoroloxía. Revisión de niveis.</p> <p>Manobras básicas de escape en barrancos de augas vivas.</p> <p>Cartografía e topografía espeleolóxica e en barrancos. Instrumentos e signos topográficos máis utilizados.</p>

## Contidos

Coñecementos básicos xeolóxicos. Particularidades kársticas. Formacións. Zonas perigosas. Pasos estreitos. Esbozos e topoguías de cavidades.

Análise e elección de itinerarios. Topografías. Esbozos. Cartografía. Indicacións.

Reunión: tipos e función. Instalación de reunións. Triángulos de forzas.

Manobras de recuperación de cordas. Pregado de cordas e almacenaxe.

Técnicas de progresión en vías ferratas: gabeo e desgabeo, técnica de suxeición das cintas dissipadoras, técnica de progresión por pontes, pasamáns, rápels e tirolesas.

Técnicas de progresión en barrancos sen corda. Andar, gabeo, desgabeo, gatear, nadar, mergullar, saltar e escorregar.

Técnicas de progresión en barrancos por corda. Descender, ascender e progresión horizontal. Ancoraxes. Cabeceiras. Técnicas de unión de cordas, de fraccionamento, cortes, desprazamentos verticais ou desvíos, desgabeos, gabeos, pasamáns e tirolesas ou rápels guiados.

Técnicas de progresión en espeleoloxía: cavidades horizontais. Caos de bloques, pasos estreitos, gateiras, chemineas, laminadores, cortados ou desniveis.

Técnicas de progresión en espeleoloxía: pasos e/ou cavidades verticais. Uso de pedais e escalas. Manobras de descenso e ascenso. Paso de desviadores ou fraccionamentos. Desgabeos, gabeos, tirolesas e rápels guiados e pasamáns.

Técnicas de progresión en escalada. Progresión en Top Rope e de primeiro. Boulder. Adherencia. Fisuras e chemineas. Encordamento.

Protocolo de equipamento e desequeamento dos elementos portátiles da instalación.

Perigos durante a actividade. Atmosféricos: temperatura, brétema, choiva, humidade, vento, radiación solar ou treboadas. Terrestres: terreo inestable, desprendementos, vexetación espesa, incendios. Acuáticos: caudal, crecidas e elementos de dinámica fluvial. Subterráneos: desprendementos, bloques inestables, crecidas de caudal, pasos estreitos e perda de itinerario.

Protocolos de seguridade en espeleoloxía, escalada e barrancos. Cadea de seguridade e delimitación de zona de seguridade.

Construción dun ?punto quente?.

Sinais internacionais de socorro. Uso de radiocomunicacións ou outros elementos de comunicación.

Técnicas de transporte de accidentados. Construción de padiolas e elementos de fortuna. Descenso da persoa evacuada.

Compilación de datos sobre a actuación do/da guía e as reaccións do grupo na actividade.

Fichas de control de valoración da actividade.

Procedementos de toma de datos no desenvolvemento da actividade.

Adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados na actividade guiada por barrancos, espeleoloxía e instalacións de lecer e aventura. Elaboración de avaliación de impacto ambiental.



**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	PROGRESIÓN AVANZADA, GUIADO E TÉCNICAS DE SEGURIDADE	80

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para as manobras con cordas e para as actividades de multiaventura, seguindo os procedementos para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	NO
RA2 - Valora a viabilidade da aplicación das medidas de control de riscos nas actividades de espeleoloxía, de descenso de barrancos, de escalada ou de multiaventura, analizando os datos do contexto	NO
RA3 - Aplica técnicas de condución de grupos por barrancos, desniveis e covas, e adaptaas ás características das persoas participantes e do medio, para avanzar eficazmente en condicións de seguridade	NO
RA4 - Supervisa e dirixe a realización das actividades en instalacións de lecer e aventura, aplicando protocolos de prevención e control de riscos	NO
RA5 - Dirixe o grupo de persoas participantes en situacións simuladas de incidencias ou emerxencia e coordina os recursos e as medidas de seguridade, aplicando técnicas de rescate e evacuación	NO
RA6 - Avalía as actividades guiadas por barrancos, cavidades e en instalacións de lecer e aventura, analizando os datos dispoñibles	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.6 Comprobáronse as zonas de cobertura e as bandas de emisión dos aparellos de comunicación
CA2.1 Seleccionáronse os datos relevantes para a prevención de riscos nunha actividade
CA2.2 Estimouse o grao de perigo dun barranco en función do cálculo do seu caudal, da época do ano, da meteoroloxía e da orografía do barranco
CA3.5 Explicáronse e demostráronse as técnicas de progresión e de axuda para superar puntos de dificultade nos barrancos acuáticos
CA3.6 Indicáronse durante a progresión as posibles zonas de perigo en terreo variado de montaña e escalada, covas, vías ferratas, barrancos e outras instalacións con cordas
CA3.7 Explicáronse e adecuáronse a técnica e o ritmo de progresión ás características persoais, do terreo e da actividade
CA4.1 Seguiuuse o protocolo de comprobación de seguridade dos elementos fixos da instalación de lecer e aventura

Criterios de avaliación
CA4.2 Seguiuse o protocolo de montaxe e desmontaxe dos elementos portátiles das instalacións de multiaventura
CA4.7 Controlouse o cumprimento das normas de seguridade
CA4.8 Explicáronse as medidas que cómpre adoptar ante situacións de fatiga ou de bloqueo nas persoas usuarias das instalacións de lecer e aventura
CA5.1 Seguiuse o protocolo específico de prevención e seguridade nas actividades
CA5.2 Demostráronse as técnicas de aproximación e evacuación en caso de accidente simulado
CA5.4 Explicouse a utilización correcta do material nun rescate
CA5.7 Construíuse unha padiola de fortuna
CA6.5 Propuxéronse medidas correctoras en desaxustes detectados
CA6.6 Elaborouse un informe sobre a actividade realizada

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Equipamentos de comunicación. Funcionamento básico dos radiotransmisores. Mantemento dos equipamentos de comunicación. Linguaxe básica radiofónica. Linguaxe xestual técnica.
Avaliación e xestión de riscos para cada actividade. Puntos de perigo. Malos usos: consecuencias. Medidas preventivas.
Material de seguridade e de primeiros auxilios. Caixa de primeiros auxilios específica por actividade.
Materiais para actividades dun día ou máis.
Análise dos riscos asociados ás actividades de espeleoloxía, descenso de barrancos, escalada ou multiaventura. Vías de escape e alternativas.
Control de riscos e toma de decisións.
Cadea de seguridade. Asegurar a persoa asegurada. Factor de caída. Protocolo de cabeceira. Protocolo de uso de material.
Técnicas de aseguramento. Utilización e funcións de aparellos mecánicos e manuais. Comunicación coa persoa asegurada. Métodos de aseguramento. Compromiso co coidado e o uso adecuados do equipamento e dos materiais.
Protocolos de seguridade durante a progresión e/ou a actividade. Técnicas de axuda para superar puntos difíciles. Zonas conflictivas. Colocación dos elementos de seguridade en cada actividade segundo un protocolo establecido.

## Contidos

Ritmo de marcha, descanso, avituallamento e hidratación durante a actividade.

0 Adaptacións para persoas con diversidade funcional. Axudas. Adaptación de actividades e/ou materiais. Adaptación de consignas e explicacións.

Protocolo de comprobación de seguridade dos elementos fixos e móbiles de toda a instalación de lecer e aventura. Elementos en instalacións de lecer e aventura.

Normas de seguridade. Información para as persoas usuarias. Normas de uso das instalacións e técnicas de progresión. Interpretación de símbolos e carteis.

Circuitos verticais, horizontais e aéreos das instalacións de lecer e aventura. Niveis e adaptación á persoa usuaria.

Técnicas de progresión en instalacións de lecer e aventura. Ancoraxes. Liñas de vida. Escadas. Progresión por redes, tirolesas, rápel, tubos, pontes, randeiras, lianas, elementos de equilibrio e outros elementos móbiles.

Protocolos de seguridade durante a progresión. Colocación e control dos equipamentos de seguridade.

Adaptacións para persoas con diversidade funcional. Axudas. Percorridos adaptados. Adaptación de consignas e explicacións.

Técnicas de actuación ante situacións de fatiga, medo e bloqueo. Manobras de axuda.

Manobras de rescate: técnicas de asistencia e desbloqueo en corda. Descenso en rápel ou tirolesa guiada.

Confianza e seguridade na actuación, nas comunicacións e na toma de decisións.

Control ante situacións de estrés. Tolerancia á frustración e bloqueo.

Protocolo de actuación ante un accidente. Aviso a grupos de rescate. Procura de axuda.

Manobras para arranxar incidencias durante un descenso ou un ascenso por corda.

Documentos de avaliación.

Registro de incidencias relativas á actividade, á seguridade e aos tempos previstos.

Avaliación da adecuación dos equipamentos e os materiais utilizados nas actividades.

Propostas de medidas correctoras.

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### Mínimos Exixibles:

- CA 1.2- Seguironse os precedementos de mantemento, transporte e almacenamento do material, do equipamento deportivo e de seguridade para as manobras con cordas e para as instalacións de lecer e aventura.
- CA 1.5- Describíronse as características, o funcionamento e o mantemento operativo dos aparellos de comunicación e de orientación propios de escalada, barrancos, espeleoloxía e demais actividades de aventura.
- CA 3.3- Explicáronse e demostráronse as técnicas de utilización e manexo de cordas en actividades de escalada, barrancos, espeleoloxía e vías ferratas
- CA 3.4- Explicáronse e demostráronse os protocolos de seguridade e na colocación de aparellos, conectores e cabos de ancoraxe, así como na progresión por cordas, tobogáns e salto a pozas.
- CA 4.5- Defíníronse e demostráronse as técnicas de utilización e manexo de cordas nas instalacións e nas actividades de lecer e aventura.
- CA 5.8- Montouse unha tirolesa.
- CA 2.2- Estimouse o grao de perigo dun barranco en función do cálculo do seu caudal, da época do ano, da meteoroloxía e da orografía do barranco.
- CA 3.6- Indicáronse durante a progresión as posibles zonas de perigo en terreo variado de montaña e escalada, covas, vías ferratas, barrancos e outras instalación con cordas.
- CA 3.7- Explicáronse e adecuáronse a técnica e o ritmo de progresión ás características persoais, do terreo e da actividade.
- CA 4.1- Seguíuse o protocolo de comprobación de seguridade dos elementos fixos da instalación de lecer e aventura.
- CA 4.2- Seguíuse o protocolo de montaxe e desmontaxe dos elementos portátiles das instalacións de multiaventura.
- CA 4.7- Controlouse o cumprimento das normas de seguridade.
- CA 5.1- Seguíuse o protocolo específico de prevención e seguridade nas actividades.
- CA 5.4- Explicouse a utilización correcta do material nun rescate.
- CA 1.3- Revisáronse o avituallamento e os materiais deportivos individuais e colectivos necesarios nas actividades de escalada, barrancos, espeleoloxía e vías ferratas.
- CA 1.4- Seguíuse o protocolo para a colocación e a comprobación do estado dos elementos específicos de seguridade e de prevención de riscos nas instalacións de lecer e aventura relativos á súa área de responsabilidade.
- CA 2.5- Identificáronse nun plano da cavidade as posibles vías de escape, en relación coa tipoloxía das continxencias que se poidan dar.
- CA 2.7- Determináronse as posibilidades de establecer un itinerario alternativo seguindo criterios de seguridade.
- CA 3.1- Seguíuse o protocolo de equipamento e desequipamento en cavidades.
- CA 3.2- Sinaláronse en zonas visibles os puntos conflitivos ou perigosos como labirintos, caos de bloques, sifóns, cortados ou pasos estreitos, para garantir a orientación e a seguridade do percorrido.
- CA 4.3- Explicáronse as normas de seguridade e de uso das instalacións.
- CA 4.4- Seguíuse o protocolo de colocación dos equipamentos de seguridade das persoas usuarias dunha instalación de lecer e aventura.
- CA 5.5- Instaláronse as cordas de progresión.
- CA 6.3- Valorouse a adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados na actividade.

**Criterios de Cualificación:**

A asistencia ás clases prácticas serán puntuables case que na súa totalidade ó tratarse de unha materia 90% práctica. Sempre se farán prácticas distintas, de distinto nivel ou situación. A excepción de algunha práctica de repaso que non será aplicable esa nota, a valoración destas prácticas diarias contarán un 30%. (Estas valoracións serán puntuadas entre 0 e 3, sendo 0 a mínima nota por non facer a práctica ou abandonala, un 1 por non ter motivación ou non demostrar interés, 2 por facer a práctica correctamente e 3 por destacar positivamente na práctica por diferentes aspectos) Esta puntuación final será emitida da suma de todas as puntuacións e dividida polo nº de prácticas realizadas durante o curso acadando así o 30% anteriormente falado.

Logo a iniciativa para a aplicación das técnicas de transporte, usos, almacenamento, seguridade, equipamento individual e colectivo, técnicas de seguridade e prevención, pesarán un 25% e será valorado mediante unhas táboas de seguimento diario, valorando de 0 a 2, sendo 0 a non participación ou non facer nada, 1 participar nas técnicas e 2 participación activa. Esta puntuación será emitida da mesma forma que o punto anterior, mediante a suma de todas as puntuacións e dividida entre o nº de prácticas.

Exames teóricos escritos valen un 20% puntuados de 0 a 10 e realizados mediante preguntas orais ou escritas tipo text, de resposta curta, resposta de maior elaboración ou análise de imaxes.

Os exames realizados de forma practica valoraranse noutro 25% puntuando de 0 a 10 e realizados en situacións prácticas co material técnico necesario aportado e identificado polo alumno. Nestes exames prácticos teranse en conta partes ou manobras obligatorias nas cales non se permite erro ningún xa que de telo terán un 0 a partires desta parte (considerando moi importante, xa que se non se fai ben ese punto seria romper a cadea de seguridade da actividade, de aí un cero e non puntuar nada a partires dese momento)

Tamén se poderá pedir un traballo final sobre a materia, ven sexa de técnica, recursos, seguridade, etc que terá un valor dun 5% que se aplicará na parte teórica (quedando exames en 15% e traballo 5% de ser o caso)

**6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas****6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

O procedemento para facer actividades de recuperación nesta materia e sinxelo xa que sería facer unha continuación das prácticas tanto indoor como outdoor das mesmas técnicas que se fixeron ata o momento para que poidan coller mais soltura, firmeza, seguridade, etc.

Faranse no horario normal de clase durante os días que teñamos dispoñibles para eso.

Non cabe repetir que se fixese falta repasar partes teóricas tamén se faría do mesmo xeito.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Esta proba seguirá exactamente o mesmo procedemento establecido nos criterios de avaliación pero ó non ter puntuación diaria nin traballo de ser o caso repartirase a puntuación en 70% en proba práctica (manobras técnicas en distintas modalidades e manobras de técnicas específicas in situ e/ou en situación de perigo ou de prevención de incidentes), e unha proba teórica que valerá un 30% con preguntas tipo text, preguntas de resposta curta ou rápida, preguntas orais nunha determinada situación práctica, ou preguntas de contestación elaborada.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

A nivel de seguimento de programacións, empregárase a aplicación informática de elaboración e seguimento de programacións, e á Xefatura de Departamento contará cunha copia para que conste nas actas correspondentes.

Enténdese a programación como un documento vivo, en continua transformación a través da avaliación da práctica docente, o que permitirá facer as correccións e modificacións necesarias que os procesos de ensino-aprendizaxe nos demanden, tanto a curto prazo, no desenvolvemento da programación durante un curso, coma a medio prazo a través dos sucesivos anos escolares.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: "Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente".

A nosa proposta para o cuestionario de avaliación inicial consistirá nunha batería de preguntas sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

Ademais iremos facendo prácticas diariamente para ver o interese, habilidades, destreza, responsabilidade na materia, coidado do material, etc

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Realizaranse as mesmas prácticas que co resto do grupo, reforzándose as partes teóricas e prácticas coas horas necesarias para tal. Non se considera oportuno facer un cambio nas prácticas nen no nivel xa que os obxectivos no mundo laboral en canto á seguridade destas actividades son as mesmas independentemente do tipo de persoa que as dirixa. Pero si se reforzará cambiando o sistema de traballo, por ex: facendo o traballo por grupos, en distintos tramos de dificultade, repetindo varias veces, a distintas alturas, etc

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación das actitudes é un obxectivo fundamental no alumnado que vai traballar directamente con persoas, e especialmente se estas son nenos ou nenas ou novas ou se atopan en situación de vulnerabilidade. Neste contexto a profesionalidade, o respecto, a comprensión e a empatía deberán presidir todas as actuacións. Por esta razón hai que promover todas estas actitudes en clase e en todas as prácticas ou procedementos que se poñan en marcha.

Resulta difícil realizar unha planificación completa de ensino de actitudes pois, como apuntamos, é algo que debe potenciarse día a día. O profesorado deberá ter presentes os temas fundamentais e incidir neles cando a situación na aula o xustifique.

Poderanse traballar os aspectos técnicos na seguridade da actividade. O respecto polo medio no que nos movemos. Comportamento na aula aínda que estemos nun medio natural exterior. Coidado do material.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Faranse visitas a empresas ou zonas que polo xeral non terían acceso como alumnos normais doutro tipo de cursos, tales como conferencias especializadas, charlas, videoconferencias, entrevistas a empresas do sector, etc.

Logo tamén a posibilidade de facer disciplinas deportivas relacionadas co sector pero que non aparecen no currículo.